

Informe da Directora Xunta de Escola, 20 de decembro de 2021

1 Eleccións postos vacantes na Xunta Escola

Habilitouse o procedemento de eleccións para cubrir vacantes no sector alumnado en Xunta Escola. A directora sinala que non se celebraron eleccións porque non houbo máis candidaturas que postos vacantes. As persoas que se incorporan no colectivo alumando son:

Apelidos	Nome
Alonso Pérez	Carmen
Gayoso Mallo	Marcos
Martínez Barreiro	Javier
Pacini	Romina

A Directora dá a benvida ás persoas que se incorporan por primeira vez á Xunta de Escola e agradece ás persoas que causan baixa a súa participación na Xunta de Escola (Pablo Leite e Nuria Antonio).

2 Actividade de representación

24 de novembro. Asistencia de Javier Taboada Castro en representación do centro ao acto de entrega á empresa Refractarios CAMPO da certificación UNE 22480 (Sistema de xestión mineiro-mineralúrxica-metalúrxica sostible) e ISO 14001 (Sistema de xestión ambiental).

3 de decembro. Asistencia da Directora en representación do centro á entrega dos Premios Santa Bárbara da “*Cámara Oficial Minera de Galicia*”. A COMG entregou o “Premio Traxectoria” a Juan de Dios Aparicio, que foi Presidente da COMG. Na modalidade “Premio de Comunicación” o premio recaeu no Ilustre “*Colegio Oficial de Geólogos*” e na modalidade “Minaría Sostible” recaeu sobre o Instituto de Estudos de Territorio polo impulso, creación e difusión da “*Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas*”, guía en cuxa elaboración participou o grupo de investigación dirixido por Javier Taboada Castro.

18 de novembro. Asistencia da directora ao *workshop* “Sociedade Dixital e Xénero”.

19 de novembro. Asistencia da directora á presentación do programa “Tecnolóxicas”, programa de mentorización de alumnas dos últimos cursos das titulacións, financiado pola Deputación de Pontevedra e ASIME (“*Asociación de Industrias del Metal y Tecnoloxías Asociadas de Galicia*”).

4 de decembro. Asistencia da Directora en representación do centro aos actos de celebración de Santa Bárbara organizados polo COIMNE.

3 Reunións de traballo

25 outubro. Reunión co Director da Cámara Oficial de Minería de Galicia, para a coordinación de actividades conxuntas.

26 de outubro, 24 de novembro e 14 decembro. Asistencia de María Araújo e da directora, como representantes da UVIGO na comisión de elaboración do deseño da proposta do “Máster en xestión sostible e avanzada da auga” coas persoas representantes da USC e UDC.

27 de outubro. Asistencia da directora á reunión convocada polo Área de Estudos de Posgrao en relación ao deseño das titulacións G2030.

29 de outubro. Asistencia da directora á reunión coas persoas representantes do Foro Tecnolóxico de Emprego.

4 novembro, 11 de novembro, 2 decembro, 13 decembro. Asistencia da directora ás sesións de traballo convocadas pola “*Real Academia de Ingeniería*” (RAI) e CODEIME, para elaboración do documento sobre a profesión na enxeñaría de minas, enerxía e materiais, elaborado no marco do convenio de colaboración CODEIME-RAI.

20 e 22 de outubro e 10 de novembro. Asistencia da directora e Francisco Deive as reunións de traballo coa “*Asociación de Ingenieros de la Energía*”.

11 de novembro. Reunión coas persoas titoras do PAT, para a presentación das liñas de traballo do PAT-ANEAE.

16 de novembro. Asistencia de Jesús Rico, membro da CNL da Escola, á reunión da Comisión de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

17 de novembro. Visita da directora ás instalacións da empresa *TRIVIUM Packaging*, para o establecemento de colaboración entre a Escola e a empresa.

Reunións quincenais da directora co Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade e persoal do SPRL en calidade de responsable COVID do centro.

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

4 Relacións Internacionais

4.1 Erasmus KA+107

No marco de convenio de mobilidade KA+107 do centro, reuniuse a Comisión de Avaliación (Ángeles Saavedra, Amelia Rodríguez, Elena Alonso) para seleccionar o estudante para a bolsa de mobilidade no marco do KA-107 para ir á Universidade Federico Santa María en Chile.

4.2 Participación Webinar UPN (Perú)

O 23 de outubro Iago Pozo e Eduardo Giráldez impartiron unha conferencia para a UPN (“*Universidad Privada del Norte*”) de Perú no Webinar Internacional “*Introducción a los equipos analíticos de campo XRF y XRD: herramientas indispensables en el mundo de la minería*”.

Agradécese a Iago Pozo o traballo de coordinación destas actividades e as persoas que participaron nelas.

5 Titulacións

5.1 Titulacións G2030

En relación á elaboración da proposta do “*Máster en xestión sustentable e avanzada da auga*” realizáronse reunións de traballo tanto en clave interna na Universidade de Vigo con centros e departamentos que trasladaron interese en participar no desenvolvemento da titulación como coas persoas representantes da UDC e da USC. O obxectivo é dispor dunha proposta de titulación para a súa presentación nas universidades no ano 2022.

En paralelo estase pendente das actividades relacionadas con outras titulacións de máster nas que o centro trasladou o seu interese, en particular o Máster Universitario en Economía Circular. Non se dispón de información sobre o traballo que se está a desenvolver en relación a esta proposta.

6 Divulgación

6.1 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	PDI participante	Curso	Número asistentes
02/11/2021	Colexio Vigo	Benito Vázquez	1º bach	17
04/11/2021	IES Universidade Laboral	Benito Vázquez:	1º e 2º bach	40
05-nov-21	IES A Basella	María Pazo	2º bach	48
16/11/2021	IES Ribeira do Louro	Benito Vázquez	1º bach	30
16/11/2021	IES Carlos Casares	María Araújo	1º bach	53
18/11/2021	IES Chamoso Lamas	Benito Vázquez	1º e 2º bach Ciclo electricidade	50
10/12/2021	IES A Sangriña	Benito Vázquez	2º bach	31
14/12/21	IES Teis	Xurxo Rigueira	4º ESO	
15/12/21	IES Río Miño, Rábade	Carmen Filgueira Alejandro Casal Elena Alonso Xurxo Rigueira	1º ESO 1º e 2º bach	69 (ESO) 25 (bach)
16/12/2021	IES Sánchez Cantón (Pontevedra)	Benito Vázquez	1º bach	87
17-dic-21	IES Primeiro de Marzo (Baiona)	Benito Vázquez	2º bach	32
20/12/2021	IES Teis	Teresa Rivas	4º ESO e 1º bach	20

6.2 Aula Aberta á TecnoCiencia (visitas á EME)

Data	Colexio/IES	PDI participante	Curso	Número asistentes
12/11/2021	Colexio Vigo	Iago Pozo María Pazo	2º bach	15
10/12/2021	IES Valadares	Iago Pozo Daniel Lamas Francisco Deive	1º bach	17
20/12/2021	Colexio Juan Sebastián Elcano (Pontevedra)	Iago Pozo María Pazo Francisco Deive	3º e 4º ESO	20
20/12/2021	IES Félix Muriel de Rianxo (A Coruña)	Iago Pozo María Pazo Raquel Pérez	1º e 2º de bach	50

Cabe sinalar que se impartiron por primeira vez dúas novas actividades:

- Módulo de enxeñaría química: “*Desde as fontes termais galegas hasta o motor do coche*”. Francisco Deive.
- Módulo de mecánica de solos: “*The Wall*”. María Araújo.

6.3 Obradoiro de recoñecemento de minerais

Data	Colexio/IES	PDI participante	Curso	Número alumnado
04/11/2021	IES Carlos Casares	Iago Pozo Bienvenido Diez	2º bach	6

6.4 Visitas á escola a través do SIE

Data	Colexio/IES	PDI participante	Curso	Número alumnado
17/11/2021	IES Val Miñor	Iago Pozo	1º e 2º bach	15
20/12/2021	IES de Mos	Iago Pozo	2º bach	20

6.5 Xornadas Portas Abertas EME

Data	Colexio/IES	PDI participante	Curso	Número alumnado
20/12/2021	IES Carlos Casares	Iago Pozo David Patiño María Pazo Daniel Lamas	1º bach	8

6.6 Feira de orientación universitaria

O 20 de outubro celebrouse EDUGAL, a Feira de Orientación Universitaria (Pontevedra). Asistiron aproximadamente 400 asistentes. Participaron no *stand* do centro Iago Pozo, Raquel Pérez, Iván Garrido, Xurxo Rigueira, Carmen Filgueira, Carmen Alonso e Marcos Gayoso.

6.7 Xornadas Portas Abertas organizadas polo CINTECX

O 28 de outubro o centro acolleu unha XPA organizada polo CINTECX para STEMBach co IES Compañía de María (Vigo). 25 asistentes. Participaron:

Iago Pozo: Conservación *Street Art*

Raquel Pérez: *The Sci-ence*

Ana Larrañaga: Érase un mundo de datos.

O 10 de decembro o centro acolleu unha XPA organizada polo CINTECX para o “Colegio Castro British School”. 25 asistentes. Participaron:

Iago Pozo: Conservación *Street Art*

María Pazo: Obradoiro de materiais

Raquel Pérez: *The Sci-ence*

Ana Larrañaga: Érase un mundo de datos.

6.8 Programa STEMBach

A Escola está a desenvolver as actividades do programa STEMBach con normalidade nos centros cos que a Escola colaborou en cursos anteriores (IES A Paralaia, IES María Soliño, CFR Santiago Apóstol). No caso dos centros cos que a Escola participa por primeira vez no 2021/22 realizáronse as seguintes actividades:

- IES Valadares. Bienio 2021/23. David Patiño, Raquel Pérez e Iago Pozo. Presentación da escola no IES por parte da directora e David Patiño o día 22 de outubro. Visita de Iago Pozo ao centro 29 novembro e 3 decembro.
- IES República Oriental de Uruguai. Francisco Deive. Presentación da escola no IES por parte da directora e Francisco Deive o 8 de outubro.
- IES Aquis Celenis de Caldas de Reis. Francisco Deive e Iago Pozo. Presentación da escola no IES por parte da directora e Iago Pozo o 3 de novembro.

6.9 Concursos

O día 9 de decembro realizouse o acto semipresencial de entrega de premios dos concursos ENFOCA.RME 2021 e CURTAMETRAXES ENERXÉTICAS 2021.

ENFOCA.RME é un concurso aberto ao público en xeral e pretende premiar as mellores fotografías sobre enerxía dende calquera perspectiva, incluíndo xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e de rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc.

O Xurado estivo formado por:

- Teresa Rivas e David Patiño, en representación do profesorado do centro
- Carmen Filgueira Sánchez en representación do alumnado
- María Carmen Romo (representante do PAS)
- Janite Lafuente López (profesional do ámbito da fotografía).

As persoas gañadoras foron:

- Accésit: “*Tuberías en central térmica*”. Autor: José Manuel Maiquez Mijares
- 2º PREMIO: Raiando o sol. Autora: Luisa Álvarez Zaragoza
- 1º PREMIO: Néboa. Autora: Elena Domínguez Estévez
- Categoría júnior: 1º Premio. “*Enorme beleza*”. Autora: Inés Rocío García Rodríguez.

As fotografías están dispoñibles en <https://www.youtube.com/watch?v=GDjb86L0wgI> (canal de *YouTube* da Escola).

CURTAMETRAXES ENERXÉTICAS é un concurso vai dirixido ao público en xeral. Trátase de realizar unha curtametraxe de 5 a 10 minutos, onde se mostre un tema relacionado con enerxía eficiente, reciclaxe, desenvolvemento sostible, enerxías renovables, etc. É o primeiro ano que se convoca, así que tivemos unha participación moi modesta, pero con representación de participantes de Madrid e Galicia. Cabe sinalar que esta participación é por equipos, o que concede aos traballos presentados maior dificultade e valor.

O Xurado estivo formado por:

- Teresa Rivas e David Patiño, en representación do profesorado do centro
- Carmen Filgueira Sánchez en representación do alumnado
- María Carmen Romo (representante do PAS)
- Janite Lafuente López (profesional do ámbito da fotografía).

As persoas gañadoras foron:

- 2º PREMIO: “*Bioetanol para un futuro verde*”. Autores: Borja Turrel, Paul Mille, Javier Méndez, Lorenzo Palomo e Iñaki Rapún.

<https://www.youtube.com/watch?v=VAqUjJCHCPA>

- 1º PREMIO: “*Almacenamiento de energía mediante aire comprimido*”. Autores: Luis Fraile Rodríguez, Marta Carrasco Vega, Javier Moya Quintana e Martina Saenz de Miera Espinosa.

<https://www.youtube.com/watch?v=NaGqqA23vhw>

6.10 Axudas solicitadas

Solicitouse o proxecto “*LA CAJA SOSTENIBLE*” á convocatoria “*Ayudas para el Fomento de la Cultura Científica, Tecnológica y de la Innovación*” da FECYT. As persoas que participan no proxecto son: Iago Pozo, María Araújo, Teresa Rivas, Elena Alonso, David Patiño, Raquel Pérez, Pablo Eguía, Benito Vázquez, Francisco Deive e Moisés Cordero.

Agradécese Iago Pozo e María Araújo a coordinación das actividades previstas no proxecto e a elaboración da memoria para a súa presentación na convocatoria.

6.11 Curso de Fotografía SMARTPHONE

Impartíronse dous cursos de 10 horas de duración. Asistiron case 50 persoas. O curso foi impartido polo fotógrafo profesional Janite Lafuente. A directora agradece a Janite Lafuente a súa participación nesta actividade e a María Araújo e Iago Pozo a organización.

A Directora agradece a todas as persoas que participaron nas actividades de divulgación o seu traballo e a Iago Pozo o labor de coordinación.

7 Igualdade

As actividades que se realizaron en relación á Igualdade foron:

- Organización dunha actividade para a celebración do 25N, “Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller”
- Elaboración de documentación para incluír as actividades de ElasFanCienTec 2023 na petición da universidade á FECYT
- Presentación da solicitude do Distintivo de Igualdade á Universidade
- Preparación das actividades de ElasFanCienTec 2022 Asistencia do Enlace de Igualdade do centro ao *workshop* “Sociedade Dixital e Xénero” o 18 de novembro.

Agradécese a Generosa Fernández o labor de coordinación e organización destas actividades como Enlace de Igualdade do centro.

8 Desenvolvemento titulacións

8.1 Primeiro e segundo dos graos

Fixéronse reunións co alumnado de primeiro e segundo dos graos da escola para detectar posibles problemas durante o desenvolvemento do plano novo, así como razóns que expliquen a baixa asistencia a clase. Non se identificaron problemas específicos nin hai queixas académicas ou administrativas e simplemente aduciron motivos persoais diversos. En canto ás dificultades relacionadas coas diferentes materias, só se destacaron algunhas cuestións menores que xa foron comentadas co profesorado correspondente.

Por outro lado, en primeiro e segundo pediuse facer saídas de estudos polo que se fixo unha visita ao Laboratorio Metrolóxico de Ourense o venres 17 de setembro para o alumnado de 1º á que asistiron 21 persoas. Agradécese ao profesorado de 1º que facilitou a realización da actividade: Javier Vijande, Ana Rodríguez, Elena González e Eduardo Liz. Estase a estudar a saída de segundo para o segundo cuadrimestre.

Agradécese a Francisco Deive o traballo realizado como Coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía.

8.2 Premios TFM

María Pazo foi premiada cun dos premios “Innovación Sostible” da Cátedra Telefónica, polo seu TFM “*Aplicación potencial de métodos de AutoLM y modelos Bayesianos en el sector de la minería*”, dirixido por Javier Taboada Castro e Ángeles Saavedra González.

Na mesma convocatoria tamén foi premiado un TFM doutro centro dirixido polo profesor Benito Vázquez Dorrío.

Trasládanse tanto a María Pazo como ao profesorado implicado os parabéns polo premio recibido.

9 Sistema Garantía Calidade

9.1 PAT-ANEAE

Rematouse a redacción do procedemento PAT-ANEAE (inclúíuse a participación dos coordinadores das titulacións no desenvolvemento do plan e deseñáronse uns formularios de enquisa). O procedemento está publicado na web do centro.

O 10 novembro convocouse aos titores de curso a unha reunión para presentar o plan e estase pendente de trasladar directrices xerais aos titores.

Tamén se está a valorar a conveniencia de incluír, como membro nato na composición da Comisión de Calidade á persoa coordinadora xeral de PAT-ANEAE.

9.2 Resultados enquisas satisfacción coas titulacións

O 2 de decembro o Portal de Transparencia da UVIGO publicou a seguinte información correspondente ao curso 2020/2021

- matrícula en grao e mestrado,
- número de persoas egresadas (grao e mestrado),
- prácticas no estranxeiro,
- enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado,
- notas medias das titulacións,
- mobilidade saínte de PAS e PDI.

Aínda estamos a analizar os datos, pero cabe sinalar os bos resultados do centro, que é o centro propio da UVIGO mellor valorado no 2020/21. Tamén cabe sinalar que os dous graos do centro están entre os dez primeiros mellor valorados da Universidade no curso 2020/21.

Agradécese a Guillermo García o seu traballo como Coordinador de Calidade do centro.

10 Prensa

10.1 Declaracións SXU

Infórmase do contido das declaracións do Secretario Xeral de Universidades en prensa. Enviouse, desde a dirección da Escola, un escrito ao Reitor e Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, trasladando o malestar e inquietude polo contido das declaracións, solicitando que se traslade á Consellería de Cultura, Educación e Universidade este malestar, e solicitando unha reunión para tratar o tema.

11 Prevención e Control Sanitario

11.1 Control e seguimento de casos COVID19 no centro

En relación aos casos COVID no centro, desde a última xunta de escola (30 de outubro) ata a data, identificouse 1 caso confirmado e infórmase da campaña de cribado que se realizará para o PDI e PAS no mes de xaneiro.

A directora lembra que non se pode acceder ao centro se se teñen síntomas ou se ten que gardar corentena por caso confirmado ou posible e que é necesario informar destas circunstancias.

12 Infraestruturas e equipamento de espazos docentes

12.1 Reparacións instalacións e equipamento

Arranxouse o equipamento da aula M211, que estaba a dar problemas cando se quería acender o portátil e conectar USB.

Arranxáronse os vidros das fiestras do corredor do módulo de despachos da EEME a aula M104.

Arranxouse a porta do baño do vestíbulo pequeno do segundo piso.

En relación aos problemas de malos olores na Escola, despois de selar as arquetas da planta baixa así como botes sifónicos, continua a haber problemas así que pediuse presuposto para incluír ventilación nos baños situados a carón do comedor (máis de 3000 euros). No tocante aos problemas detectados no módulo de despachos, despois das actuacións levadas a cabo, parece que xa non hai os olores que existían habitualmente.

12.2 Pendentes

Estase a valorar facer un almacén debaixo das escaleiras do hall de entrada (orçamento aproximado de 6600 euros). Tamén se está a valorar reacondicionar a sala de reunións ubicada na zona de despachos (orçamento aproximado de 3000 euros).

Agradécese a Francisco Deive o seu traballo como responsable de infraestruturas.

13 Delegación de Alumnado

13.1 Ciclo conferencias ENMI

Delegación de Alumnado organizou as seguintes conferencias:

- 10 novembro. Ramón Novoa, "Sistemas de almacenamento de enerxía: pilas/baterías/corrosión".
- 17 novembro. José Durany, "Tecnoloxía matemática para a industria e o medio ambiente".
- 24 novembro. Elena Alonso, "O papel das materias primas minerais na transición enerxética".
- 1 decembro. Carlos Taibo, "Decreemento e economía circular".

13.2 Xogos Intercentros

Actividade organizada de forma conxunta entre Delegación de Alumnado da escola e as Delegacións das titulacións de Ciencias Experimentais e que se realizou entre o 23 de

novembro e o 2 de decembro. En total participaron nesta primeira edición do torneo 43 equipos das seguintes categorías: baloncesto, fútbol 7, concurso de triplas, atletismo 100 metros, 200 metros, relevos, voleibol e tenis de mesa.

13.3 Andaina Monte Galiñeiro

Delegación de alumnado organizou, por primeira vez, unha andaina para o estudiantado do centro, no marco das actividades de celebración de Santa Bárbara.

13.4 Carreira Santa Bárbara

O 3 de decembro celebrouse a Carreira de Santa Bárbara, xunto cun concurso de fotografía e xadrez. As persoas gañadoras da carreira nas correspondentes categorías foron:

Categoría	Gañador/a
Categoría Escola Minas e Enerxía Feminina	Colomba Carballal López
Categoría Escola Minas e Enerxía Masculina	Iker González Núñez
Categoría Popular Feminina	María Aurora González Fernández
Categoría Popular Masculina	Iker González Núñez

14 Persoas egresadas

14.1 Colaboración con AIEN (*“Asociación Ingenieros de la Energía”*)

Colaborouse na redacción dun escrito de apoio xunto de AIEN coas 13 Universidades que imparten graos de Enxeñaría da Enerxía no que se solicita a inclusión das persoas graduadas en Enxeñaría da Enerxía no listado de técnicos/as competentes para subscribir o certificado de eficiencia enerxética en edificación no marco do RD 390/2021. O escrito presentouse ao *“Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico”*. Neste traballo colaboraron Francisco Deive como coordinador do Grao EE e a directora.

15 Outras actividades

15.1 Curso avanzado de posgrao en eficiencia enerxética en rehabilitación de edificios

Infórmase da celebración do curso dirixido a estudiantado de enxeñaría, persoas egresadas, profesionais de perfil técnico interesados/as en incorporar coñecementos sobre eficiencia enerxética en rehabilitación de edificios ao seu currículo. Impartirase en modalidade non presencial entre o 4 de xaneiro e o 25 de febreiro, con dúas clases semanais os venres pola tarde e os sábados pola mañá. O curso, que oferta 32 prazas, insírese na oferta formativa da Escola Aberta de Formación Permanente e é impartido por Pablo Eguía (director académico), Miguel García Campos, Alejandro Martínez García, Patricia Liñares, José Manuel López Suárez, David López e Alejandro Molares. O período de preinscrición e matrícula estará aberto **ata o 13 de xaneiro**.



<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/uvigo-pora-marcha-curso-avanzado-posgrao-eficiencia-enerxetica-rehabilitacion-edificios>